

Guía sobre as probas de acceso a 1º Curso de Grao Elemental ¹

Curso 2017/18

- **DESENVOLVEMENTO DAS PROBA**

O alumnado será convocado en grupos, atendidos en todo momento por profesorado do centro, para a realización dos exercicios ao longo dunha única xornada por aspirante.

Co fin de orientar aos aspirantes con respecto ao desenvolvemento e contidos da proba, e para que poidan enfrentarse a ela coa maior tranquilidade posible, o centro ofertará algunhas actividades preparatorias de carácter voluntario, non avaliábeles, previas ás datas de realización das probas.

Tamén, e a modo de exemplo, na web do conservatorio está dispoñible un video tutorial con exercicios prácticos similares aos que se realizarán na proba.

- **CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Contidos	Valor	Descrición	Criterios de avaliación
Aptitude rítmica	1/3	O aspirante deberá repetir un ou varios fragmentos rítmicos realizados con palmas polo profesor/a	Capacidade de concentración Memoria auditiva Exactitude na repetición rítmica.
Aptitude auditiva e vocal	1/3	O profesorado entoará un ou varios pequenos fragmentos melódicos que o aspirante deberá repetir	Capacidade de concentración Memoria auditiva Exactitude na afinación e corrección na repetición melódica.
Aptitude psicomotriz	1/3	Avaliaranse as aptitudes psicomotrices a partir da de escoita e visualización de fragmentos de percusións corporais que o/a aspirante deberá repetir	Memoria visual e psicomotriz Coordinación espazo-temporal Imitación psicomotriz pasiva e activa Coordinación dos membros superiores e inferiores, lateralidade e concordancia entre o ritmo sonoro e o xesto.

Ningún dos exercicios ten carácter eliminatorio. Os criterios de avaliación serán considerados tanto de xeito individual como globalmente no conxunto da proba.

- **PONDERACIÓN DA PROBA**

A proba valorarase sobre 100 puntos, ao que se lle sumará a seguinte puntuación en función da idade do candidato/a (anos cumpridos no presente ano natural):

¹ **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Procedemento de admisión aprobado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o 23 de abril de 2013. Procedemento para optar ás prazas de reserva por minusvalía aprobado polo Consello Escolar en reunión do 8 de maio de 2013.

Idade	8	9	10	11	12	13	14
Puntuación	20	15	10	5	3	1	0

A cualificación final será o resultado de dividir a suma da valoración da proba máis a puntuación que lle corresponde por idade entre 12.

En caso de empate numérico, será elixido o aspirante de menor idade.

- SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA**

As prazas de cada unha das diferentes especialidades asignaranse segundo a cualificación final obtida polos aspirantes tendo en conta únicamente a especialidade solicitada no formulario de inscrición da proba.

Os aspirantes que superen a proba e non obteñan praza na especialidade instrumental solicitada serán convocados a unha reunión que se celebrará o día 29 de xuño ás 17:00 horas. Nela poderán elixir, por orde de puntuación, entre as vacantes que quedasen sen cubrir de outras especialidades. No caso de que non opten por outra praza, porque non queiran ou porque non asistan á reunión, quedarán en lista de espera da especialidade solicitada na inscrición da proba, por de se en setembro se amplía a oferta de prazas. Se na reunión elixiron algunha das vacantes ofertadas perderán o dereito a calquer vacante que poida xurdir da especialidade solicitada inicialmente.

- PROCEDEMENTO PARA OPTAR ÁS PRAZAS DE RESERVA POR MINUSVALÍA**

No formulario web de inscrición deberase indicar que se opta a estas prazas e cando se formalice a inscrición na Secretaría do centro deberase aportar a documentación que acredite tal situación.

O centro adaptará o procedemento da proba ás circunstancias dos/as candidatos/as na medida das posibilidades. En ningún caso se adaptarán os contidos dos exercicios a realizar, xa que deberán ser iguais para todos os aspirantes.

A solicitude de especialidade instrumental por parte do/a candidato/a queda supeditada ás características e posibilidades do instrumento en cuestión. Para tal fin poderase nomear una comisión de admisión, formada por profesorado do centro, que valore a idoneidade da elección instrumental.

A reserva de prazas por minusvalía non poderá superar o 10% do total das prazas ofertadas e, no caso de que non sexan adxudicadas nesta quenda, pasarán a ofertarse na xeral.

- OBSERVACIÓNS**

O alumnado do centro que queira cursar outra especialidade deberá presentarse ao acceso nun curso diferente a 1º. Polo tanto, ningún alumno do centro poderá concorrer ás probas de acceso de 1º GE.